

**EXCMO. CONCELLO DE LUGO**  
**ANUNCIO**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de outubro de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COCIÑA PARA A ESCOLA INFANTIL “GREGORIO SANZ” DO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** É a prestación dun servizo de cociña para a escola infantil municipal “Gregorio Sanz”.

b) **Prazo de execución:** a duración do contrato será de DOUS ANOS contados a partires da data de formalización do contrato administrativo se ben o servizo prestarase 11 meses ao ano. O contrato poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes por períodos máximos anuais, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de CATRO ANOS.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación**

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O prezo do contrato para a primeira anualidade é de 45.322,28 euros polo que sumado o 8% de IVE (3.625,78 euros) resulta un presuposto total de 48.948,06 para a primeira anualidade.

**5.- Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cml

Refº: ANUNCIO LICITACION.doc

Asunto: anuncio licitación

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (perfil do contratante)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 134,68 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 4 de novembro de 2011

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

( Decreto Alcaldía nº 60/2011)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia